ALEGACIÓN

Andrés Martínez Lamela, DNI 33 241 111, con domicilio na rúa da Rosa, núm. 45, do municipio de Santiago de Compostela,

EXPOÑO:

Que o día 2 de setembro de 2007 notificóuseme un requirimento no cal se solicitaba unha copia da declaración do imposto de transmisións patrimoniais que eu realicei en maio dese ano, despois de comprar unha embarcación marca Abbate Bruno, Primatist, Modelo 15, dimensións: 4,35 de eslora e 1,90 de manga.

En relación con isto, formulo as seguintes

ALEGACIÓNS:

A documentación requirida xa foi enviada o día 26 de xullo, mediante correo certificado, como demostra a copia selada que envío novamente xunto con esta alegación.

Solicito que calquera tipo de notificación se realice mediante FAX ao número 986 332 156 ou por correo postal ao enderezo sinalado máis arriba.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2007

ANEXOS
Copia da declaración de impostos de transmisións patrimoniais

DIRECTOR XERAL DE TRIBUTOS

ESTRUTURA DA ALEGACIÓN

DEFINICIÓN

Documento por medio do que o interesado nun procedemento alega os feitos e consideracións xurídicas ou achega os documentos ou a información que estime oportuna para a adecuada resolución deste.

ESTRUTURA

Cabeceira

- **Título**

  Consignarase un breve epígrafe que oriente sobre os contidos das alegacións que se presentan.

- **Identificación do emisor**

  Recolle os datos de quen emite a(s) alegación(s): nome, apelidos, núm. DNI, domicilio, poboación e código postal, e outros datos que fosen precisos para a súa correcta identificación.

Corpo

- **Exposición de motivos**

  Redactarase dun xeito conciso e breve utilizando, de ser o caso, recursos visuais para a rápida identificación da información que se proporciona (viñetas, listas numeradas, etc.).

  Por vía da regra, irá encabezado co seguinte epígrafe en maiúsculas *EXPOSICIÓN DE FEITOS*:

- **Texto das alegacións**

  Unha vez relacionados os motivos introduciranse a(s) alegación(s) coas mesmas características que se relataron os motivos. No caso de ser varias, numéranse e ordénanse dun xeito lóxico e secuenciado.

  A exposición de motivos e o texto das alegacións conéctanse mediante o seguinte parágrafo: *E por todo isto, ALEGO:; E por isto, presento ESCRITO DE ALEGACIÓNS con base no seguinte:; E en relación con isto, formulo as seguintes ALEGACIÓNS:*.

  As alegacións estruturaranse do seguinte xeito: presentación da *alegación* introducida polo número correspondente e *xustificación* da presentación desa alegación, apoiada segundo os casos na normativa ou lexislación que fose requirida.

Peche

- **Lugar e data**

  Nun parágrafo separado débese indicar o lugar e a data da alegación.

  Hai que ter en conta que as datacións non levan preposicións (nin *en* antes do lugar nin *a* antes da data) e que o nome do lugar débese separar da data mediante unha coma.

- **Sinatura**

  Ao final do documento figurará o cargo (de ser o caso) seguido da súa sinatura orixinal que autentique o escrito e do seu nome e apelidos.

- **Anexos**

  Facultativamente, pódese enumerar toda documentación que sexa de apoio ás alegacións presentadas: fotografías, copias, documentos, etc.